



ORDENANZA FISCAL NÚM. 16
REGULADORA DO
IMPOSTO DE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA

Artigo 1

1. De conformidade co establecido no artigo 60 da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica e un tributo de imposición obligatoria que se esixirá dacordo con dita Lei e as disposicións que a desenvolven.

2. O amparo do disposto no artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Facendas Locais, o Concello de As Somozas procede a aprobar a presente ordenanza fiscal que ten por obxecto regular aqueles aspectos que a Lei remesa a súa determinación por parte da Corporación

Artigo 2¹

O imposto esixirase con arranxo ó seguinte cadro de tarifas, resultante da aplicación do coeficiente do **1,60** ás cotas fixadas no apartado 1 do artigo 95 do TR da Lei reguladora das Facendas Locais.

	Cota ano
1. Turismos:	
1.1. De menos de 8 cabalos fiscais	20,19 €
1.2. De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	54,53 €
1.3. De mais de 12 ata 15,99 cabalos fiscais	115,10 €
1.4 De 16 ata 19,99 cabalos ficales	143,38 €
1.5.De 20 cabalos fiscais en diante	179,20 €
2. Autobuses:	
2.1.De menos de 21 plazas	133,28 €
2.2.De 21 a 50 plazas	189,82 €
2.3.De mais de 50 plazas	237,28 €
3.Camións:	
3.1.De menos de 1.000 kg de carga útil	67,65 €
3.2.De 1.000 a 2.999 kg de carga útil	133,28 €
3.3.De mais de 2.999 a 9.999 kg. de carga útil	189,82 €
3.4.De mais de 9.999 kg. de carga útil	237,28 €
4.Tractores.	
4.1.De menos de 16 cabalos fiscais	28,27 €
4.2.De 16 a 25 cabalos fiscais	44,43 €
4.3.De mais de 25 cabalos fiscais	133,28 €
5.Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:	

¹ Mod. pleno 14/11/2012, de aplic a partir 01/01/2013
modificado por acordo plenario do 25.09.09, de aplicación a partir do 01.01.2010

5.1. De menos de 1.000 kg. y mais de 750 kg de carga útil	28,27 €
5.2. De 1.000 a 2.999 kg de carga útil	44,43 €
5.3. De mais de 2.999kg de carga útil	133,28 €
6. Outros vehículos:	
6.1. Ciclomotores	7,07 €
6.2. Motocicletas ata 125cc	7,07 €
6.3. Motocicletas de mais de 125c.c. ata 250 c.c.	12,11 €
6.4. Motocicletas de mais de 250 c.c. ata 500 c.c.	24,24 €
6.5. Motocicletas de mais de 500 c.c. ata 1.000 c.c.	48,46 €
6.6. Motocicletas de mais de 1.000 c.c.	96,93 €

Artigo 3. Normas de xestión

1.- O instrumento acreditativo do pagamento deste imposto será a carta de pagamento debidamente dilixenciada de facerse o ingreso da cota na Tesourería Municipal ou nalgunha entidade colaboradora para a xestión de tributos.

2.- Para solicitar na Xefatura Provincial de Tráfico a matriculación, a certificación e aptitude para circular ou a baixa definitiva dun vehículo, o interesado deberá acreditar previamente o pagamento do imposto mediante a presentación do instrumento acreditativo mencionado no número anterior.

3.- Poderá establecer a obriga do suxeito pasivo de autoliquidar a súa debéda tributaria, utilizando impresos que, con este fin, dispoña a Administración municipal

4.- No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para circular, o pagamento das cotas anuais realizaranse dentro do primeiro semestre de cada exercicio económico.

Artigo 4

Para poder obter a concesión das exencions a que se refire a Lei 39/1988, os interesados deberán solicitar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e causa do beneficio e acreditar, mediante a presentación da documentación en que consten, a realidade do alegado. A notificación na que se resolva a concesión do beneficio fiscal solicitado servirá de documento acreditativo da súa existencia.

Artigo 5

A devolución das cotas trimestrais a que teña dereito o suxeito pasivo nos casos de baixa do vehículo deberá ser solicitada por éste, e se tramitará conforme as normas que rixen a devolución de ingresos indebidos.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal, que consta de cinco artigos foi aprobada polo Pleno en sesión do 22 de setembro de 1999, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2000 e aplicárase en tanto non se acorde a súa derogación ou modificación.